

XOSÉ MANUEL SOUTULLO NOVO DIRECTOR XERAL DA EDITORIAL GALAXIA

«Galaxia é máis ca unha editorial, é parte do capital simbólico do país»

Soutullo afronta como primeiro reto a preparación do 75 aniversario do selo

R. ROMAR

REDACCIÓN / LA VOZ

Se alguén coñece a fondo as reviravoltas da editorial Galaxia, na que traballou durante 42 anos, ese é Xosé Manuel Soutullo España (Vigo, 1966). Pero o que menos podía esperar é que, tempo despois de xubilarse, fose a ser o elixido para exercer como novo director xeral do selo, nomeamento que se fixo oficial na tarde de este venres. «É unha honra que non agardaba», di. Por diante, este home reflexivo e prudente non só terá o traballo inmediato de facer esquecer a polémica que rodeou a dimisión do seu antecesor, Francisco Castro, senón tamén, e sobre todo, o de afrontar os retos que afronta o sector: a dixitalización, a perda de lectores en galego e enganchar as novas xeracións, máis afeitas a outro tipo de canais e lecturas.

—¿Esperábo?

—Non. A verdade é que foi un proceso bastante rápido, pero en ningún momento o considere nin me postulei para o cargo.

—Pero para vostede non será algo estraño. É volver á casa?

—Non, non é algo descoñecido, porque levo vinculado 42 anos á editorial, na que fixen de todo. Tiven postos de responsabilidade e o consello o que valorou foi que son unha persoa da casa que coñece ben os procesos editoriais.

—Asume a dirección despois da dimisión de Francisco Castro. Que opinión ten sobre isto?

—Eu, realmente, non vou a opinar sobre a decisión de Francisco Castro, que tomou libremente e que explico no seu momento nun comunicado. E o propio consello de administración deulle as grazas e aceptou a dimisión.

—Pero non cre que a polémica suscitada afectou dalgunha maneira a imaxe de Galaxia?

—Creo, sinceramente, que non. Na orixe de todo está unha famosa entrevista que non foi moi



Xosé Manuel Soutullo cre que o libro de papel aínda ten «moito camiño por diante». M. MORALEJO

afortunada. Aí había dous aspectos: un foi un ataque persoal moi forte a Francisco, que foi realmente moi desafortunado, e por outro estaba o que se falaba de Galaxia, no que se denunciaban algunhas prácticas que non se correspondían coa realidade. Pero non creo, sinceramente, que a editorial saíra prexudicada, e espero que se demostre co tempo.

—Galaxia é unha editorial, pero tamén parte da historia de Galicia. Iso engade presión?

—Efectivamente, Galaxia é unha empresa especial nese sentido, porque forma parte do capital simbólico do país. E segue a ser máis ca unha editora. É unha empresa que o que lle pase é material sensible, que ten unha transcendencia pública que desborda moito o que é a súa propia magnitude empresarial. Aparece nos libros de texto e de historia, e nese sentido é un material sensible que temos que tratar con cooidado e sentido común.

—Vostede ten moita experiencia, pero afronta o cargo nun momento de cambio no sector.**Cal vai ser a súa estratexia?**

—O primeiro que teño que facer é reunirme cos equipos da editorial e cos responsables das distintas áreas para facer un diagnóstico, pero desde o punto de vista organizativo e funcional, e tamén do económico, a situación de Galaxia é boa, e por tanto non hai motivo de preocupación. Pero si hai un escenario no que inevitablemente teremos que poñernos a traballar, e é que no 2025 Galaxia vai facer 75 anos. Penso que ese ano ten que ser moi importante para reafirmarnos ante a sociedade galega, pero tamén será un escenario para facer fronte a novos proxectos que teñamos ante os desafíos que afectan ao libro galego, como as novas tecnoloxías e as plataformas. Temos por diante un ano e pico para facer esa reflexión.

—Morrerá o libro de papel?

—Eu sigo pensando que o libro de papel ten moito camiño por diante, pero outra cousa é a lectura. Dentro de pouco vai saír o informe do libro correspondente ao ano 2022, e o iPad, o libro

en soporte dixital, non chega ao 6 % en España. Empecéi a oír falar hai 30 anos da morte do libro en papel, cando apareceron os primeiros electrónicos, pero pasaron 30 anos e, de momento, a realidade non é esa.

—A que se refire con que outra cousa é a lectura?

—Nas novas xeracións a lectura quizais esteamos nun momento da historia onde máis se le, pero iso non quere dicir que o que máis se lea sexan libros, como convencionalmente os entendemos, ben sexa en papel ou dixital. As editoras temos que reflexionar como podemos responder a esas novas plataformas, a esas novas formas de ler, para que tamén entren lecturas literarias, ensaísticas ou filosóficas. É un reto e una reflexión que temos que abordar.

—Entón non se le menos?

—Non creo que se lea menos, creo que se le máis, pero de outra forma e outras cousas. Os axentes de cultura temos que esperar, buscar fórmulas novas para engaiolar a xente nova na lectura de produtos culturais.

«Hai que parar a sangría da perda de falantes en galego»

A Xosé Manuel Soutullo preocupalle a perda de falantes en galego. **—É este outro reto que teñen que afrontar?**

—É un tema de gran preocupación que compromete a todos os axentes sociais, non só á Administración. É un debate de corte sociolingüístico que a sociedade galega nalgún momento terá que avaliar para ver que se pode facer para parar esta sangría. Pe-

ro o que si creo é que o prestixio do galego como lingua de cultura está razoablemente asentado. Esta foi unha das grandes batallas que afrontou Galaxia nos seus inicios, e ese reto hai que seguilo mantendo. Que aparte dunha lingua de uso social siga a ser unha lingua que ten unha importante presenza no mundo cultural en Galicia. **—É compatible a dirección da Fundación Penzol co seu novo cargo?**

—Ata que o padroado determine outra cousa, eu intentarei compatibilizar as dúas funcións. Galaxia e Penzol forman parte do mesmo proxecto. A fundación naceu en 1963, no seo de Galaxia, con unha doazón previa de Fermín Penzol dos seus fondos no ano 1956. O principal obxectivo de Penzol, que é a custodia e a posta en servizo dos seus riquísimos fondos documentais e bibliográficos, pois está asegurado, independentemente de quen a dirixa. **—Máis de 40 anos en Galaxia dan para aprender moito.**

—En Galaxia tiveron o maxisterio de Carlos Casares, que foi unha persoa da que eu me sentín moi próximo e aprendín moito dos seus grandes saberes e personalidade extraordinaria. E tamén o de Víctor Freixanes, co que me une unha entrañable amizade.

PARA LEER**«Hotel Splendide»****Ludwig Bemelmans**

Traducción de Irene Oliva Luque
Gatopardo Ediciones
224 páxinas. 20,95 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Personaxe irrepitible como so-lo pueden serlo los educados en el seno del Imperio austro-húngaro, Ludwig Bemelmans (Merano, 1898-Nueva York, 1962) suma a ello los hechos decisivos de haberse criado viviendo en hoteles y haber emigrado en 1914 a Nueva York, donde trabajó durante 15 años ien hoteles! Ya está de algún modo prefigurado el retrato del gran escritor que será, el gran ilustrador que será, el guionista de la Metro que será... Y que aflora con amplitud de talento y humor en su disparatado libro de memorias *Hotel Splendide* (1941), una divertida y desmitificada crónica de un lugar que no es otro que el Ritz de Nueva York, en el que se empleó como camarero en la década de los 20. Es esa época dorada de los Scott Fitzgerald y Hemingway la que retrata, salvo que Bemelmans no lo hace a través de las vidas de la alta sociedad, las estrellas de Hollywood y otros arribistas, sino que lo suyo es la lente esquinada de los limpiadores, cocineros, recepcionistas, botones y demás figuras secundarias, perspicaces observadores de la escena glamurosa que riega el champán y amenizan los músicos de jazz. *Hotel Splendide* llega mañana a las librerías.

Vendida en París una obra de Joan Miró por 20,7 millones de euros

PARÍS / EFE

Un cuadro de Joan Miró se vendió este viernes por 20,7 millones de euros en París, en una subasta de Christie's que marcó la cifra más alta (con gastos y comisiones) generada por una obra del artista español en Francia. La pintura, titulada *Mujeres, luna, estrellas* y realizada en 1949, era la pieza estrella de la subasta de arte contemporáneo de otoño de la firma británica en París.

Otra obra del escultor francés François-Xavier Lalanne logró un récord de 18,3 millones para este artista.